


Somos biosfera, somos auga



De que imos falar?

Imos falar da auga. A auga chega limpa ás nosas casas mediante un proceso de depuración, imos explicarvos en que consiste ese proceso e, tamén, imos falarvos da importancia da auga.

Historia do tratamento da auga potable.

Depuración da auga

Purificar auga na túa casa

Uso correcto da auga

Consecuencias de contaminar a auga.

A importancia das zonas húmidas

Zonas húmidas que debemos coidar e protexer




Historia do tratamento da auga potable

A auga é un elemento imprescindible para a existencia de vida no noso planeta. Dende os seus orixes o home fixo técnicas de almacenaxe, limpeza e distribución da auga. Os primeiros asentamentos dos nosos antepasados tiñan lugar en sitios onde houbera auga doce como lagos e ríos.

O aproveitamento de augas subterráneas deu lugar aos primeiros pozos, atopámoslos en Jericó, Israel, fai aproximadamente 7000 anos.

Anos máis tarde comezáronse a utilizar tubos ocios, por exemplo, en Exipto utilizábanse árbores ocios de palmeira. Foron precisamente os exipcios, os primeiros en utilizar métodos para o tratamento da auga.

As formas máis comúns de purificación da auga eran ferverla, quentalala ao sol ou sumerxer unha peza de ferro quente dentro da mesma,...



O tratamento da auga

Os gregos foron os primeiros que mostraron un interese claro pola calidade da auga. A auga utilizada retirábase mediante sistemas de augas residuais, igual que a auga de choiva e levábanse a embalses de aireación para a purificación.

Os romanos foron os maiores arquitectos en construcións de auga subterránea. A auga recollida almacenábanse en presas, dende aquí distribuíanse pola cidade grazas aos sistemas de tubaría, fabricadas con cemento, rocha, bronce, prata, madeira e chumbo. A verdadeira revolución chegou cos acuedutos que permitían transportar auga entre puntos separados por unha gran distancia.

Ao comezar o século XIX encontramos o primeiro subministro de auga potable en Paisley, Escocia, sobre o ano 1804.



Isto é unha depuradora de auga.



Proceso de depuración da auga

Unha estación depuradora de augas residuais ten o obxectivo de tratar as augas usadas e contaminadas polo ser humano para que podan ser vertidas ao medio natural.

Nunha estación depuradora, pódense distinguir as seguintes fases de depuración: **pretratamento**, **decantación primaria**, **tratamento biolóxico**, **decantación secundaria** e **tratamento terciario**.




Como purificar auga na túa casa

En caso de que te atopes nunha situación na que non dispoñas de auga potable podes conseguir auga apta para o consumo seguindo estes pasos:

1- Ferver a auga: ferve a auga nunha pota 10 minutos para matar calquera organismo vivo. Así asegúrate de que non enfermarás ao bebela.

Con este procedemento eliminaremos os organismos vivos pero non as partículas sólidas, os metais nin os minerais.

2- Deixa asentarse a auga: se a auga non provén da billa hai que deixala repousar para que os materiais sólidos queden no fondo. A auga da parte superior será a máis apta para o consumo.



uso correcto da auga

Algunhas medidas para un consumo responsable son:

- Non deixar correr a auga mentres lavas os dentes ou te afeitas.
- Instalar sanitarios e electrodomésticos de baixo consumo.
- Utilizar a lavadora e o lavalouzas con carga completa.
- Se se lava a louza a man, utilizar un balde para lavar e outro para enxugar.
- Lavar os coches en establecementos adecuados.
- Instalar nas casas sistemas de recollida de auga da choiva para usos domésticos e para regar.



Consecuencias de contaminar a auga

Na maioría das ocasións a xente tira aceite polo vertedoiro en lugar de reciclalo. O aceite é moi contaminante e crea unha capa por enriba da auga que dificulta o paso de osíxeno e pode matar ós seres vivos nos ríos, é por esa razón que debemos levar o aceite a un punto limpo.

Non debemos tirar lixo ao mar porque os peixes morren, as augas vólvense tóxicas e pode prexudicar a nosa saúde debido ao consumo de ese peixe.

Tirar lixo solo empeora as condicións de vida tanto animal como humano, é mellor depositar o lixo no lugar que corresponde para cada tipo, moitas veces este lixo se pode reciclar e nos serve para facer outras cousas.



Non malgastar a auga

Precisamos a auga para a vida no noso planeta, para o aseo, alimentación, para as actividades industriais, actividades agrarias, etc.

Hai que usar a auga de maneira responsable non malgastala e evitar a súa contaminación. Non ter auga potable sería un risco para a nosa saúde.



A importancia das zonas húmidas

As zonas húmidas son moi importantes polos beneficios que ofrecen á humanidade. Proporcionan auga doce e axudan a controlar as enchentes evitando inundacións.

Tamén teñen unha gran importancia ambiental xa que acollen moitas plantas e animais polo que albergan moita biodiversidade.



Zonas húmidas que debemos coidar e protexer

Na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo hai zonas húmidas que debemos conservar e protexer como son:

-As Brañas de Sada

-Encoro de Cecebre.


-Marismas de Betanzos.

-A ría do Burgo.

-A lagoa de Sobrado.

-Marismas do río Baxoi (Miño)

-As Brañas de Deo (no río Deo, afluente do Mandeo).





Fin